



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 14 DE SETEMBRO DE 2020

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obra nova para a construción dun edificio para oficinas técnicas na rúa Castela e León, 35 (Parcela M1A02q do Polígono da Sionlla). LAP/174/2020. Conceder licenza de obra nova para a construción dun edificio para oficinas técnicas na rúa Castela e León, 35 (Parcela M1A02q do Polígono da Sionlla).

3.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e a coordinadora galega de ONG para o desenvolvemento, ano 2020. Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2020 entre o concello de Santiago e a Coordinadora galega de ONG para o desenvolvemento, por un importe de 15.000 euros, destinado á subvención de distintas actividades de sensibilización, como Cinefórum social, a campaña contra os prexuízos raciais e culturais, a exposición “Tecedoiras do cambio”, a feira “Alternativas contra o cambio climático” e a feira de comercio “Con-sentido”.

4.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago e a ASOCIACION DE PERSOAS SORDAS DE SANTIAGO, para 2020. Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2020 entre o concello de Santiago e a Asociación de Persoas Sordas de Santiago, por un importe de 10.000 euros, destinados ao desenvolvemento do programa “Servizo de interpretación de lingua de signos e guía intérprete de persoas xordocegas”.

5.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago e a FUNDACION ANDREA DE APOYO A LOS NIÑOS CON ENFERMEDADES DE LARGA DURACIÓN, CRONICAS O TERMINALES, para 2020. Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2020 entre o concello de Santiago e a Fundación Andrea, por un importe de 3.000 euros, destinados ao desenvolvemento do programa “Tratamento psicoterapéutica para as familias con fillos/as con enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais”.

6.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago e a ASOCIACION BANCO DE ALIMENTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, para 2020. Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2020 entre o concello de Santiago e a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela, por un importe de 5.000 euros, destinados ao desenvolvemento do programa “Captación, almacenamento e distribución de alimentos ás institucións asistenciais ou benéficas”.

7.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago e a FEDERACION DE ASOCIACIONES DE FAMILIARES E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA (FEAFES GALICIA), para 2020.

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2020 entre o concello de Santiago e a FEAFES Galicia, por un importe de 60.000 euros, destinados ao desenvolvemento do programa “ Atención a persoas con enfermidade mental crónica e persoas sen fogar ou en grave risco de exclusión”.

8.- Nomeamentos de representantes da corporación en entes, sociedades e fundacións, e consellos sectoriais e escolares. O grupo municipal de Compostela Aberta, comunica a nova organización do grupo así como a súa representación nas diferentes comisións, entes, empresas e consellos.

- Portavocía do grupo municipal: Marta Lois
- Representantes nas distintas comisións do pleno:
 - Presidencia, Réxime Interior, Modernización da administración, Facenda e especial de contas: Marta Lois, María Rozas, Xan Duro. Suplentes: o resto dos membros.
 - Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos: Marta Lois, Jorge Duarte, Xan Duro. Suplentes: o resto dos membros.
 - Área Social, Cultural, Participación, Igualdade e Transparencia: Marta Lois, Branca Novo Rey, Xan Duro. Suplentes: o resto de membros.
 - Comisión especial de suxestións e reclamacións: Marta Lois, Xan Duro. Suplentes: o resto de membros.
 - Comisión Asesora do Patrimonio Histórico. Jorge Duarte. Suplentes: o resto de membros.
 - Xunta de Portavoces como Comisión Especial. Marta Lois, portavoz do grupo de Compostela Aberta.
 - Consello asesor de condecoracións: Marta Lois, portavoz do grupo de Compostela Aberta-
- Nomeamentos de representantes da corporación en entes, sociedades e fundacións.
 - Consello de Administración de Mercagalicia. María Rozas.
 - Consello de Administración de Tussa. Jorge Duarte
 - Consello de Administración de Incolsa. Marta Lois.
 - Fundación Refuxio de Animais. María Rozas.
 - Consello Reitor do Auditorio de Galicia. Marta Lois.
 - Consorcio da Cidade de Santiago. Marta Lois.
- Consellos Sectoriais
 - Consello Económico e Social
 - Comisión Social e Económica: Marta Lois
 - Comisión Territorial: Jorge Duarte
 - Comisión de Formación: Branca Novo Rey.
 - Consello Municipal de Saúde: Xan Duro.
- Consellos Escolares
 - Escola Rural Gaioso-O Eixo: Xan Duro
 - CEIP Arquitecto Casas Novoa: Xan Duro
 - CEIP Ramón Cabanillas: María Rozas.
 - CEIP Rodríguez Xixirei: Xan Duro
 - Colexio Vilas Alborada: María Rozas.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras relativa ao levantamento da suspensión do contrato de "Servizo desenvolvemento do proxecto pedagóxico "teatro comunitario" nos centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela". Acórdase levantar a suspensión do citado proxecto, adxudicado á empresa PRODUCCIONES TEATRAIS TALÍA. As actividades poden levarse a cabo co compromiso da empresa de que cumprirá e velará polo cumprimento de todos e cada un dos puntos do protocolo COVID-19 implantado nos Centros Socioculturais; así como que informará de calquer circunstancia relevante no momento actual.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Relacións Veciñais relativa á aprobación da concesión de subvencións ás asociación de vecinos para programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2020, e da liberación dos créditos sobrantes. Apróbase a concesión de subvencións ás distintas asociación de vecinos para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2020, que ascenden, unha vez repartido o sobranse correspondente; a 68.910,85 euros. Presentáronse 29 solicitudes, de outras tantas entidades, coas seguintes propostas de concesión, despois de aplicar os criterios de valoración expostos nas bases:

1. AVV A Gracia. 746,73 euros.
2. AVV A Xuntanza. 2425,78 euros
3. AVV. Álvaro Cunqueiro. 5100 euros
4. AVV Angrois. 184 euros.
5. AVV As Cancelas. 981,73 euros.
6. AVV Barrio de Guadalupe "A Ponderosa". 2608,9 euros.
7. AVV Brañas de Andrés. 1906,37 euros.
8. AVV Camiño de Santiago. 2300 euros.
9. AVV Campo das Escolas. 3000 euros.
10. AVV Campo do Monte. 1604,68 euros.
11. AVV Casa Agraria. 5001,78 euros.
12. AVV Cidade Histórica "Fonseca". 2797,52 euros.
13. AVV Conxo Aberto. 948,43 euros.
14. AVV Coto da Nai. 2880 euros.
15. AVV Francisco Asorey. 2695,36 euros.
16. AVV Francisco García Beiro de Marrozos. 3000 euros
17. AVV Monte do Gozo. 2892 euros.
18. AVV Montelongo. 2800 euros.
19. AVV Nosa Señora de Belén. 1104 euros.
20. AVV O Castiñeiro. 2872 euros.
21. AVV Raigame. 2400 euros.
22. AVV Rego das Pedras. 2024,73 euros.
23. AVV San Xoán de Fecha. 2936 euros.
24. AVV Sandra Prego Rial. 3000 euros.
25. AVV Santa Mariña de Berdía. 724,3 euros.
26. AVV Santa Marta-A Choupana (Vedesma). 2615,2 euros
27. AVV Xunlla de Laraño. 1481,34 euros.
28. AVV Zezar. 2880 euros
29. Federación AAVV Rural Santiago. FERUSA. 3000 euros.

11.- Dar conta pola concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á prórroga e reprogramación do orzamento do proxecto europeo "ATLANTIC SOCIAL LAB", financiado polo fondo FEDER no marco do programa europeo interreg. Atlantic Área.

Dase conta da aprobación de dita prórroga. A data de finalización do proxecto estaba prevista para o 31/11/2019 e prorrogouse ata o 31/05/2020

12.- Dar conta do decreto da alcaldía de autorización da modificación do procedemento de admisión nos servizos de comedor e de madrugadores na rede de centros públicos de educación infantil e primaria do concello de Santiago para o curso 2020/21, para adaptalo ás novas instrucións da consellería de Educación. Dase conta do citado decreto.

13.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a Xunta de Galicia para sufragar os gastos derivados da súa condición de capital da comunidade autónoma de Galicia. Dase conta do citado convenio, polo que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda, estableceu para o ano 2020 unha dotación específica para o concello de Santiago de Compostela, por importe de 2.392.425 euros, no marco da Lei 4/2002, do 25 de xuño, do estatuto de Capitalidade. O pagamento realizarase de xeito fraccionado. O primeiro libramenteo deberá realizarse con anterioridade ao 10 de agosto, o segundo antes do 30 de setembro e o último antes do 15 de decembro de 2020. O convenio está vixente ata o 31 de decembro de 2020.

14.- Dar conta pola concelleira delegada de Medio Ambiente da concesión dunha axuda da Xunta de Galicia para o plan de actuación para o clima e a enerxía sustentable (PACES), e a súa aceptación. Dase conta da aceptación da axuda concedida pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización do Plan de Actuación para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES), por un importe de 14.999,16 euros.

15.- Dar conta de sentenzas. Dase conta da sentenza 57/2020, favorable para o concello. Esta sentenza desestima o recurso de apelación interposto por ADIF (en relación ao requirimento efectuado para que o Concello procedese ao pago de 6.817.221,49 euros en cumprimento de distintas obrigas derivadas, segundo a empresa, do convenio asinado entre as partes para o desenvolvemento dos sectores de Cornes e Pontepedriña). A sentenza impón ao recorrente o importe de 1.000 euros máis IVE en concepto de custas.

16.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas. Dase conta.

URXENCIAS

1. **Convalidación de gastos.** Apróbase convalidade os gastos correspondentes aos seguintes contratos:
 - a) Contratos de subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social adxudicados á empresa Centros Comerciales Carrefour e tramitados polo procedemento de tramitación de emerxencia motivados pola COVID-19, por importe de 1.990,64 euros.
2. Acórdase autorizar o inicio dos trámites para proceder á recepción das obras de Rehabilitación do Edificio “Casa das Máquinas – Fase I”, executadas pola empresa Obras Gallaecia SL., por un importe total, IVE enadido, de 252.056,73 euros.
3. **Recoñecementos extraxudiciais de crédito.** Apróbanse os seguintes recoñecementos extraxudiciais de crédito relativos a:
 - Gastos por prestación do servizo de mantemento de aplicacións informáticas (aplicativo SICALWIN) e de rede de datos do concello correspondente aos meses de maio a xuño de 2020, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de **12.694,11 euros** a favor de varios provedores

- Gastos por prestación do servizo de de servizos postais dos meses de maio a xuño de 2020, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de **47.551,46 euros** a favor da Sociedade Estatal de Correos y Telégrafos, S.A.
 - Gastos por subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social (contrato de emerxencia COVID-19, Decreto de 26/03/2020) por importe de **8.760,24 euros**, a favor de Centros Comerciais Carrefour SA.
4. Dase conta do informe da deputación da Coruña sobre competencias dos concellos en materia de desinfección ANTICOVID-19 nos centros educativos de titularidade autonómica. Acórdase dar traslado ao Servizo de Contratación e a asesoría xurídica.
5. Dase conta dos seguintes informes:
- Informe das concellarias de Educación e de Deportes, relativo ao detalle do gasto extraordinario necesario para a implementación dun servizo extraordinario de limpeza a realizar nos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Santiago pola adaptación ao contexto da COVID-19. Tomando en consideración as necesidades no incremento do servizos de limpeza dos edificios nos centros educativos, como as que se determinen para os polideportivos, o informe estima que o custe extraordinario sería, de **368.370,94 euros** (IVE engadido).
- a) Custe extraordinario, **por mes**, IVE engadido, sería de:
- i. Do 10 ao 30 de setembro:
 1. Centros educativos: 17.945,86 euros.
 2. Polideportivos: 3.991,95 euros.
 - ii. De outubro a decembro de 2020 e de xaneiro a xuño de 2021.
 1. Centros educativos: 23.927,81 euros.
 2. Polideportivos: 14.564,76 euros.
- b) Custe extraordinario **anual** IVE engadido, sería de:
- i. Exercicio 2020 (do 10 de setembro ao 31 de decembro)
 1. Centros educativos: 89.729,29 euros.
 2. Polideportivos: 47.686,23 euros.
 - ii. Exercicio 2021 (do 01 de xaneiro ao 30 de xuño)
 1. Centros educativos: 143.566,86 euros.
 2. Polideportivos: 87.388,56 euros.
- Informe da área de Réxime interior (servizo de contratación) sobre a aplicación trámite de emerxencia para a contratación do servizo extraordinario e ampliado de limpeza nos centros de educación infantil e primaria e polideportivos do seu recinto escolar do Concello de Santiago.